



CONTIDOS

CONTIDOS

Avaliación	UD	Título	Avaliación	UD	Título
1ª-2ª-3ª		Resolución de problemas	2ª	13	Estatística.
1ª	8	Lugares xeométricos. Figuras planas	2ª	14	Probabilidade
1ª	9	Movimentos e semellanzas	2ª	11	Funcións
1ª	10	Corpos xeométricos	3ª	12	Funcións lineais e cuadráticas
1ª	1	Números racionais	3ª	5	Polinomios
1ª	2	Potencias e raíces	3ª	6	Ecuacións de primeiro e segundo grao
2ª	3	Progresións	3ª	7	Sistemas de ecuacións.
2ª	4	Proporcionalidade numérica			

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro. En cada avaliación haberá como mínimo, dúas probas escritas ou exames. No último exame de cada avaliación, preguntárase ao alumnado por toda a materia estudada dende o comezo do curso ata ese momento.

Obtención da cualificación:

Probas escritas	70% (30% controis e 40% exame avaliación)
Traballo persoal e/ou proxectos	25%
Cálculo mental	5%

O alumnado que participe en actividades do Departamento, tales como Campionato de Polinomios, Open Matemático, Canguro Matemático e outras, engadirá ata 1 punto á nota da avaliación correspondente segundo os criterios fixados en cada proba, tendo en conta que a nota fina da avaliación ten que axustarse á lexislación (menor o igual que 10)

Para aprobar a avaliación é necesario acadar **cinco puntos** unha vez aplicados todos os criterios de avaliación previstos e tendo en conta os seguintes axustes das cualificacións a números enteiros:

Excepto para o intervalo de puntuacións entre catro e cinco, si a puntuación acadada é superior en 0,75 ao enteiro anterior, se lle asignará como nota o seguinte número enteiro (exemplos: se a nota acadada é 5,8 a nota da avaliación será 6; se a nota acadada é 5,6 a nota da avaliación será 5).

Ao remate da terceira avaliación daráselle ao alumnado a posibilidade de subir a nota cunha proba global de toda a materia.

A cualificación da avaliación ordinaria obterase coa media ponderada das cualificacións das tres avaliacións cos seguintes "pesos" (porcentaxes): **1ªavaliación: 25 %**, **2ªavaliación: 35 %**, **3ªavaliación: 40 %**, redondeada según o criterio establecido. Debido a que se trata de avaliación continua, no caso de ter superada a terceira avaliación, si a media ponderada non acada o 5, a cualificación final será de 5.

Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, na avaliación extraordinaria realizará unha proba global da materia, que será cualificada de 0 a 10 puntos. Para obter o aprobado é necesario acadar un mínimo de 5 puntos.

Nas probas escritas descontarase 0,05 por cada falta de ortografía ata un máximo de 1 punto.

No caso de detectar que se copia nun exame retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de dous membros, alomenos, do departamento.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: SI

Lecturas Recomendadas:

“Malditas matemáticas. Alicia en el país de los números”, “El asesinato del profesor de matemáticas”, “El diablo de los números”, textos matemáticos escollidos, etc.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Open Matemático, Matemáticas na raia,....